

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014556	Coroso	Ribeira	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0519	Documentación técnica en instalacións eléctricas	2018/2019	5	105	105
MPMP05_19	Debuxo técnico aplicado a sistemas electrotécnicos e automáticos	2018/2019	5	60	60
MPMP05_19	Orzamentos e documentación técnica	2018/2019	5	45	45

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO BOULLOSA VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O entorno socio-económico e produtivo da Comarca do Barbanza e arredores está principalmente relacionado co mar e os seus derivados. As empresas que manufacturan e comercializan estes produtos van desde as conserveiras, almacéns frigoríficos e conxelados, empresas de acuicultura, clústers, maquinaria conservería, etc. ata o sector da flota de pesca. A unha segunda escala aparecen as empresas instaladoras de vivendas e de mantemento industrial que puntualmente tamén son un reclamo para os técnicos superiores dos ciclos da rama de electricidade.

Todas estas empresas na actualidade piden a incorporación de titulados de FP polivalentes, con facilidade de adaptación, que saiban traballar e manexar equipos e ferramenta, e ademais con capacidade de deseñar, organizar e supervisar. É por iso que a implantación deste ciclo superior de Sistemas Electrotécnicos e Automatizados, ben a cubrir esas novas necesidades que xurdiron, anque a época actual non sexa a máis idónea para acceder a eses postos de traballo.

Outra posibilidade laboral consiste na opción de exercer como autónomo, opción xa levada a cabo por un sector do alumnado de recentes promocións, unha vez colleita unha certa experiencia profesional.

A impartición do módulo Documentación Técnica en Instalacións Eléctricas, faise imprescindible para a formación e cualificación do alumnado nesta especialidade, xa que repercute directamente sobre a demanda do mundo laboral. Cos contidos formativos deste módulo, integrando os niveis de tecnoloxías de automatización tanto na industria como na vivenda, deberíamos conseguir unha formación completa e unha perspectiva laboral moi ampla.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Representación gráfica. Normas e simboloxía	Representación de pezas e instalacións mediante a elaboración de esbozos, vistas e detalles.	20	20
2	Elaboración gráfica de planos e debuxos mediante programas informáticos.	Debuxo de planos en planta, alzado, corte, eléctricos e detalle en Autocad	30	30
3	Xestión da documentación gráfica de proxectos eléctricos	Periféricos de saída gráfica (Plotter, etc.). Tipos de documentos. Formato e dobra de planos. Organización e arquivo de documentación en soporte impreso e informático.	10	10
4	Elaboración de orzamentos de instalacións eléctricas. Exemplos	Confección de orzamentos tendo en conta as medicións e prezos de cada unidade de obra	15	15
5	Tipoloxía, estrutura e elaboración da documentación técnica dun proxecto	Elaborar os documentos do proxecto a partir de información técnica obtida de catálogos técnicos e a través de aplicacións informáticas	30	25



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Representación gráfica. Normas e simboloxía	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Representa instalacións eléctricas mediante a elaboración de esbozos a man alzada, plantas, alzados e detalles.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os elementos e os espazos, as súas características construtivas e o uso ao que se destina a instalación eléctrica.
CA1.2 Seleccionáronse as vistas e os cortes que máis a representen.
CA1.3 Utilizouse un soporte axeitado.
CA1.4 Utilizouse a simboloxía normalizada.
CA1.5 Definíronse as proporcións adecuadamente.
CA1.6 Cotouse con claridade.
CA1.7 Tivéronse en conta as normas de representación gráfica.
CA1.8 Definíronse os esbozos coa calidade gráfica suficiente para a súa comprensión.
CA1.9 Traballouse con pulcritude e limpeza.

4.1.e) Contidos

Contidos
Normas xerais de esbozamento: normas ISO.
Técnicas e proceso de esbozamento: esbozamento a man alzada.
Simboloxía: símbolos eléctricos e mecánicos.
Escalas: cotas.
Cotación: normas.
Rotulación.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Elaboración gráfica de planos e debuxos mediante programas informáticos.	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora documentación gráfica de proxectos de instalacións eléctricas e debuxa planos mediante programas de deseño asistido por computador.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícase o proceso de traballo e a interface de usuario do programa de deseño asistido por computador.
CA2.2 Identifícanse os esbozos subministrados para a definición dos planos do proxecto eléctrico.
CA2.3 Distribúíronse nos planos os debuxos, as lendas, a rotulación e a información complementaria.
CA2.4 Selecciónouse a escala e o formato apropiados.
CA2.5 Debuxáronse planos de planta, alzado, cortes, seccións e detalles de proxectos de instalacións electrotécnicas consonte os esbozos subministrados e a normativa específica.
CA2.6 Debuxáronse esquemas unifilares e multifilares de instalacións electrotécnicas e sistemas automáticos.
CA2.7 Compróbase a correspondencia entre vistas e cortes.
CA2.8 Cótouse con claridade e de acordo coas normas.
CA2.9 Incorporáronse as lendas e a simboloxía correspondentes.

4.2.e) Contidos

Contidos
Manexo de programas de deseño asistido por computador. Introducción e instalación de software. Interface de usuario. Inicio, organización e gardado. Control das vistas de debuxos. Elección dos procesos de traballo. Creación e modificación de obxectos. Anot
Documentación gráfica: normas xerais de representación. Sistemas de encadernación. Sistemas informáticos de presentación de documentación (DVD, memorias USB, etc.). Métodos de presentación de proxectos (software).
Interpretación de planos de proxectos de edificación: plano de situación e emprazamento; plantas de cimentación e estrutura; plantas de distribución e cotas; plantas de moblaxe; plantas de cuberta; cortes e alzados; detalle de sección construtiva.
Interpretación de planos de proxectos de obra civil: situación, plano topográfico, plano de trazado, perfís lonxitudinais e transversais, e seccións tipo.
Software específico para deseño de sistemas electrotécnicos e automáticos (esquemas unifilares e multifilares, etc.).
Elaboración de planos de situación, emprazamento e planta.
Elaboración de esquemas unifilares e multifilares de instalacións electrotécnicas e sistemas automáticos.
Normas de aplicación.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión da documentación gráfica de proxectos eléctricos	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Xestiona a documentación gráfica de proxectos eléctricos, reproducindo, organizando e arquivando os planos en soporte impreso e informático.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase o sistema de reprodución e arquivo para cada situación.
CA3.2 Identifícase o sistema de codificación da documentación.
CA3.3 Utilízase o medio de reprodución adecuado, de xeito que as copias sexan nítidas e se lean con comodidade.
CA3.4 Cortáronse e dobráronse correctamente os planos, no tamaño requirido.
CA3.5 Organízase e arquivase a documentación gráfica no soporte solicitado.
CA3.6 Localízase no tempo requirido a documentación arquivada.

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de documentos: formatos. Dobra de planos.
Periféricos de saída gráfica. Plotter. Impresión profesional.
Ficheiros: contido e estrutura; tipos de formatos (PDF, rtf, etc.).
Normas de codificación. Técnicas de xestión da documentación.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración de orzamentos de instalacións eléctricas. Exemplos	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Confecciona orzamentos de instalacións e sistemas eléctricos, tendo en conta a listaxe de materiais, os baremos e os prezos unitarios.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as unidades de obra das instalacións ou dos sistemas, e os seus elementos constituíntes.
CA2.2 Realizáronse as medicións de obra.
CA2.3 Determináronse os recursos para cada unidade de obra.
CA2.4 Obtivéronse os prezos unitarios a partir de catálogos de fabricantes.
CA2.5 Detállouse o custo de cada unidade de obra.
CA2.6 Realizáronse as valoracións de cada capítulo do orzamento.
CA2.7 Utilizáronse aplicacións informáticas para elaboración de orzamentos.
CA2.8 Valorouse o custo do mantemento predictivo e do preventivo.

4.4.e) Contidos

Contidos
Unidades de obra: medicións. Elementos significativos para ter en conta.
Cadros de prezos: catálogo de fabricantes.
Custos da man de obra.
Orzamentos: confección e métodos de realización.
Análise de custos. Procura de información. Técnicas específicas de análise de custos.
Programas informáticos de elaboración de orzamentos (Excel e Access, etc.).



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Tipoloxía, estrutura e elaboración da documentación técnica dun proxecto	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a documentación técnico-administrativa das instalacións, interpretando proxectos e recoñecendo a información de cada documento.	SI
RA3 - Elabora documentos do proxecto a partir de información técnica, utilizando aplicacións informáticas.	SI
RA4 - Elabora manuais e documentos anexos aos proxectos de instalacións e sistemas, nos que se definen procedementos de previsión, actuación e control.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícanse os documentos que compoñen un proxecto.
CA1.2 Identifícase a función de cada documento.
CA1.3 Relacionouse o proxecto da instalación co proxecto xeral.
CA1.4 Determináronse os informes necesarios para a elaboración de cada documento.
CA1.5 Recoñécéronse as xestións de tramitación legal dun proxecto.
CA1.6 Simulouse o proceso de tramitación administrativa previo á posta en servizo.
CA1.7 Identifícanse os datos requiridos polo modelo oficial de certificado de instalación.
CA1.8 Distinguiuse a normativa de aplicación.
CA3.1 Identifícase a normativa de aplicación.
CA3.2 Interpretouse a documentación técnica (planos e orzamentos, etc.).
CA3.3 Definíronse formatos para elaboración de documentos.
CA3.4 Elaborouse o anexo de cálculos.
CA3.5 Redactouse o documento memoria.
CA3.6 Elaborouse o estudo básico de seguridade e saúde.
CA3.7 Elaborouse o prego de condicións.
CA3.8 Redactouse o documento de aseguramento da calidade.
CA4.1 Relacionáronse as medidas de prevención de riscos na montaxe e no mantemento das instalacións e dos sistemas.
CA4.2 Identifícanse as pautas de actuación en situacións de emerxencia.



Crterios de avaliación
CA4.3 Definíronse os indicadores de calidade da instalación ou do sistema.
CA4.4 Definiuse o informe de resultados e accións correctoras, atendendo aos rexistros.
CA4.5 Comprobouse a calibración dos instrumentos de verificación e medida.
CA4.6 Estableceuse o procedemento de rastrexabilidade dos materiais e dos residuos.
CA4.7 Determinouse o almacenamento e o tratamento dos residuos xerados nos procesos.
CA4.8 Elaboráronse os manuais de servizo e de mantemento.
CA4.9 Manexáronse aplicacións informáticas para elaboración de documentos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Anteproxecto ou proxecto básico.
OCertificados de fin de obra: manuais de instrucións.
Tipos de proxectos: administrativo ou técnico administrativo, executivo e construtivo.
Documentos básicos: índice xeral, memoria, anexos, planos, prego de condicións, estado de medicións, orzamento, etc.
Documentación de partida: cálculos, táboas, catálogos, etc.
Estudos con entidade propia: prevención de riscos laborais, impacto ambiental, calidade, eficiencia enerxética, etc.
Manuais de instrucións.
Normativa: tramitacións e legalización. Trámites coa Administración e coas compañías subministradores e comercializadoras.
Rexistro de instalacións. Solicitud de subministración.
Certificados de instalación e verificación.
Normativa de aplicación.
Formatos para elaboración de documentos.
Anexo de cálculos: estrutura e características. Software específico.
Documento memoria: estrutura e características.
Estudo básico de seguridade e saúde. Métodos de realización e información mínima.
Prego de condicións: partes e condicións.
Aseguramento da calidade. Sistemas de calidade aplicados a proxectos. Normas de aplicación.
Memoria técnica de deseño (MTD).
Aplicacións informáticas para elaboración de documentación.
Plans de emerxencia e de prevención: tipos e características.
OCondicións de posta en marcha ou servizo.



Contidos

Manual de mantemento. Histórico de mantemento e de avarías.

Protocolo de probas. Procesos de probas específicas.

Equipamentos de seguridade e protección; sinais e alarmas.

Normativa de aplicación.

Estudos básicos de seguridade e saúde. Normas de aplicación: normativa internacional.

Plan de calidade e mantemento. Sistemas de xestión da calidade aplicados ás instalacións eléctricas. Normas de aplicación.

Calidade na execución de instalacións ou sistemas. Normativa de xestión da calidade.

Plan de xestión ambiental. Estudos de impacto ambiental. Normativa de xestión ambiental.

Elaboración de manuais: de servizo e de medicións.

Especificacións técnicas dos elementos das instalacións.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para poder superar o módulo serán os seguintes tendo en conta que o módulo divídese en dúas Unidades Formativas (UF):

UF1: Debuxo técnico aplicado a sistemas electrotécnicos e automáticos

- Fixéronse exercicios básicos de CAD (Uso de liña, círculo, recortar, borrar)
- Fixéronse exercicios de CAD con ordes de produtividade (mover, copiar, xirar, escalar, reflexar, unir liñas, extender).
- Fixéronse exercicios de CAD con texto.
- Imprimíuse un debuxo mediante unha impresora virtual en formato .pdf.
- Fixéronse debuxos en CAD de vistas de pezas.
- Fixéronse debuxos en CAD de perspectivas axonométricas de pezas.
- Aplicáronse escalas aos distintos debuxos.
- Fixose un debuxo con cortes e seccións.
- Fixéronse os debuxos dos símbolos electrotécnicos normalizados en CAD.
- Elaborouse un plano dun cadro eléctrico dunha instalación en CAD
- Fixose o plano arquitectónico de planta dun recinto determinado en CAD.
- Realizouse o plano eléctrico dunha instalación eléctrica tomando como base o plano de planta anterior.

UF2: Orzamentos e documentación técnica

- Realizouse un plano de situación - emprazamento.
- Realizáronse os documentos tipo dun proxecto (memoria técnica, pliego de condicións,)
- Realizouse un orzamento dun proxecto coas medicións correspondentes .
- Realizáronse os documentos anexos a un proxecto con entidade propia (prevención de riscos laborais).
- Realizouse unha petición de suministro eléctrico según documento preformado.
- Realizouse unha memoria técnica de deseño.
- Realizouse unha memoria de verificación eléctrica.

Todo o proceso descrito precisará de explicacións e exposicións teóricas, por parte do profesor. Nas fases iniciais de dito proceso, éstas serán de carácter xeral e dirixidas a todos os alumnos; para se converter en explicacións e instrucións personalizadas nas últimas fases, que á súa vez, serán os de carácter máis práctico.

Cando avance o proceso de aprendizaxe poderase substituír a "interpretación de esquema" polo "deseño do mesmo", quedando igual as restantes fases. Isto poderá conducir á realización de pequenos proxectos que integren boa parte dos procedimentos de aplicación dos contidos do módulo.

O alumno/a realizará os exercicios prácticos de tipo procedemental (actividades de ensino-aprendizaxe) debendo realizar e entregar na data e no formato requirido os exercicios e traballos solicitados.

Procurarase que o alumnado teña que investigar, recabar e seleccionar a información.



De forma transversal ao aprendizaxe pretenderase que o alumno realice os seus traballos con estrita limpeza e orde, e usando correctamente os medios que se poran á súa disposición.

A referencia obrigada de todas as instalacións e Regulamentos de ICT e RBT, fan deste un medio imprescindible para o seguimento do módulo, así como todas as medidas de seguridade que sexan de aplicación no traballo a desenvolver.

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación será continua e formativa, avaliando os coñecementos, habilidades e destrezas adquiridas e a actitude individual e en grupo. As distintas avaliacións constarán dun examen teórico e dunha serie de prácticas (actividades) no taller. As probas puntuaranse de 0 a 10 puntos. Para superar a avaliación, o alumno/a ten que acadar como mínimo unha puntuación de 5 puntos en cada unha de elas. A non superación dunha das probas implicará a avaliación suspensa.

En cada U.D. irá reflexado os instrumentos de avaliación que se van aplicar, os pesos e porcentaxes da cualificación e os criterios de corrección de cada pregunta e/ou apartado e o seu peso.

Os contidos de tipo conceptual (exames, cuestionarios, exercicios de resolución, etc.) serán avaliados con Probas Escritas.

Os contidos de tipo procedemental (prácticas de Taller, traballos de desenvolvemento e proxectos específicos serán avaliados con Listas de Cotexo)

A avaliación do módulo para o cálculo da nota de avaliación final do módulo, que aparecerá no correspondente boletín de notas, teránse en conta as seguintes situacións:

1. Todas as avaliacións aprobadas. Neste caso a nota final coincidirá coa da 2ª avaliación.
2. Algunha avaliación suspensa. Nestes casos a avaliación do módulo considerarase negativa; e dicir SUSPENSA, polo tanto a nota do boletín correspondente será inferior a 5. Dita nota será calculada como a media aritmética de todas as avaliacións.

As preguntas de tipo conceptual levarán impresas na parte inferior a puntuación da mesma, e se esta consta de varios apartados levará a puntuación por apartado. O sistema de corrección empregado basease na máxima puntuación por cada apartado da pregunta contestada correctamente e con claridade. Na realización de esquemas, penalizaranse os fallos de simboloxía con -0,1 puntos.

A puntuación das actividades propostas farase en base a listas de cotexo, cuxos indicadores serán coñecidos polos alumnos. Todas as actividades propostas e (coñecidas previamente polos alumnos) son contidos mínimos; e dicir, para superar o módulo se terán que superar todas (con un mínimo de un 5 cada unha).

As prácticas valóranse de acordo co obxectivo que se persigue en cada actividade. Os alumnos coñecerán previamente estas valoracións.

Nas actividades que se propoñan, valorarase a mesma tendo en conta os seguintes indicadores:

- Os debuxos ou planos feitos nun programa de CAD. 50 % da puntuación.
- Utilización de elementos de normalización en esquemas eléctricos e mecánicos. 20%
- Texto explicativo de que ordenes se utilizaron no programa de CAD. 5 %
- Memoria técnica de funcionamento do debuxo. 5%
- Tempo de realización. 20 %

A cualificación correspondente a cada sesión de avaliación estará composta pola media das notas obtidas nas diferentes unidades didácticas (sempre e cando non se perderá o dereito a avaliación continua), e cos seguintes pesos por contidos:

- Contidos conceptuais = 50%
- Contidos procedimentais = 50%

Para facer media se terá que acadar como mínimo un 4,5 na nota dos contidos conceptuais; na nota dos contidos procedimentais a media tera que ser como mínimo un 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non superen unha avaliación, terán que facer:

Un exame escrito dos contidos das Unidades Didácticas correspondentes á dita avaliación.

Realizaren as prácticas que non fixeron ou que teñen suspensas, correspondentes á devandita avaliación. Terá oportunidade de facelo ao longo do curso, mediante probas escritas, exercicios prácticos ou traballos e software dependendo da Unidade que se trate.

Presentaren todos os traballos e memorias correspondentes á devandita avaliación.

A nota da recuperación se calculará a partir das seguintes notas, tendo en conta a súa ponderación:

Nota do exame escrito: 50% da nota final.

Nota das prácticas: 50% da nota final.

Si tivese aprobada algunha parte da avaliación trimestral faraselle media co obtido na recuperación, coas condicións anteriores.

As probas realizaranse nas ultimas semanas do curso coa oportuna comunicación as partes e un tempo adecuado para preparalas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

As probas finais e extraordinarias para alumnos que por distintos motivos perderan o seu dereito a avaliación continua farase mediante os seguintes criterios:

-1ª proba teórico-práctica referente ós contidos establecidos na unidade formativa 1 do currículo.

-2ª proba teórico-práctica referente ós contidos establecidos na unidade formativa 2 do currículo.

Para acadar a avaliación positiva do módulo, o alumno/a terá que ter unha puntuación igual ou superior a 5 nas dúas probas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Na nosa práctica cotián introducimos elementos capaces de enriquecer, sistematizar e avaliar o desenrolo e adecuación da programación coas seguintes ferramentas:

Cuestionarios ós alumnos

Entrevistas individuais cos alumnos



Análises dos resultados dos alumnos, á hora de avaliar a ensinanza

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A vista dos informes procedentes da etapa educativa anterior (ESO, ESA, BACHERELATO, etc.), resultados da avaliación inicial e dos datos recolleitos día a día para a elaboración do informe de avaliación individualizado de cada alumno, valorarase a necesidade ou non de aplicar medidas de reforzo e grao de concreción das mesmas, na aula e nas horas de tutoría, mediante unha atención individualizada.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para aqueles que amosen máis carencias propoñerase a realización de máis traballos adaptados as súas carencias, informes ou prácticas en función das características do alumno. O seguimento deste alumnado farase nas horas de tutoría.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais que teñen máis presenza no módulo son:

Educación para a saúde: Este tema está relacionado co bloque de saúde laboral. Intentaremos concienciar o alumnado da importancia que ten que ter unha boas condición de seguridade e hixiene no seu entorno laboral. Ademais de transmitirle que a saúde é un dereito fundamental do traballador e unha obriga para o empresario.

Educación medioambiental: Este tema está relacionado co bloque de saúde laboral. É fundamental concienciar o alumnado que tanto o traballador como o empresario teñen que ter unha actitude responsable co entorno medioambiental co que interactúan na súa actividade laboral.

Especialmente co o uso indiscriminado de materiais, aceites, embalaxes, etc.

Educación para o consumo: trataremos que o alumnado tome conciencia dos problemas que se derivan do consumismo e como poden combatelo.

Educación para a paz: Concienciar o alumnado que deben de ter unha actitude calma e reflexiva á hora de enfrontarse a situación conflitivas, toma de decisión e sempre desde unha óptica tolerante e mostrando un profundo rechazo a actitudes violentas.

Educación para a igualdade: Intentaremos por unha parte concienciar o alumnado que a igualdade é un dereito recollido na Constitución española e posteriormente no Estatuto de Traballadores(ET). Por outra parte, concienciar o alumnado de que tanto home e a muller poden desempeñar os menos postos de traballo e que ningún traballador pode ser discriminado por razón de sexo, raza, estado civil etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para o curso esta previsto facer as seguintes ACF's, en colaboración cos outros profesores do ciclo:

Nas diferentes visitas programadas nos distintos módulos sacar fotografías para despois incluílas como documentación nun dossier técnico.



10. Outros apartados

10.1) Orde e limpeza e compañerismo

Atención ó trato do entorno.

Mobiliario e instalacións do centro.

Trato adecuado ós dispositivos, mecanismos e ferramentas propias do ensino-aprendizaxe.

Educación no trato e no diálogo respectuoso

Educación para a paz

Educación medioambiental

Comportamento solidario cos compañeiros

Actitude para o traballo en equipo.